

The background is a collage of movie-related items in shades of brown and black. At the top left is a clapperboard with diagonal stripes. A large, dark film reel is on the right. A film strip runs horizontally across the middle. In the lower center, there is a circular graphic with a stylized face or mask. Various other geometric and film-related shapes are scattered throughout.

UN OLEIROS DE PELÍCULA

Concello de  Oleiros



UN OLEIROS DE PELÍCULA

O cine é a arte de narrar historias mediante a proxección de imaxes, é o reflexo do tempo no que vivimos, das nosas preocupacións e os nosos anhelos a nivel persoal e colectivo.

Este outono a Concellería de Cultura e Normalización Lingüística programará un ciclo de cine con algunhas das películas da historia do cine deste país. Con esta selección pretendemos facer unha homenaxe a Luis García Berlanga e Fernando Fernán Gómez no centenario do seu nacemento, e outros

grandes directores como Manuel Gutiérrez Aragón, Fernando Trueba e Alejandro Amenábar.

O lugar onde se levarán a cabo estas proxeccións será no Teatro As Torres de Santa Cruz os domingos pola tarde. Agardamos que esta selección sirva para facer un repaso da nosa historia e da nosa sociedade, e facer que estas historias do pasado non queden agochadas e nos fagan reflexionar e ter en conta que toda a vida é cine e os soños cine son.

UN OLEIROS DE PELÍCULA

- Domingo 17 de outubro ás 19:30 horas
- Teatro As Torres, Santa Cruz

Bienvenido, Mister Marshall

- **Dirección:** Luis García Berlanga
- **Reparto:** José Isbert, Lolita Sevilla, Manolo Morán, Alberto Romea, Elvira Quintilla, Luis Pérez de León, Félix Fernández, Fernando Aguirre, Joaquín Roa, Nicolás Perchicot, José Franco, Rafael Alonso, José María Rodríguez
- **País:** España
- **Ano:** 1953
- **Duración:** 75 minutos
- **Xénero:** comedia
- **Cualificación:** todos os públicos




Sinopse: Nos anos 50, Villar del Río é unha vila pequena e tranquila na que nunca pasa nada. Porén, o mesmo día en que chegan a cantante folclórica Carmen Vargas e o seu representante, o alcalde recibe a nova da inminente visita dun comité do Plan Marshall (proxecto económico americano para a reconstrución de Europa). Este feito provoca unha grande axitación entre a xente, que se dispón a ofrecer aos americanos un recibimento moi especial.

Prezo: 2,50€ | As entradas poñeranse á venda a partir das 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

- Domingo 24 de outubro ás 19:30 horas
- Teatro As Torres, Santa Cruz

Plácido

- **Dirección:** Luis García Berlanga
- **Reparto:** Cassen, José Luis López Vázquez, Elvira Quintilla, Amelia de la Torre, Julia Caba Alba, Amparo Soler Leal, Manuel Alexandre, Mari Carmen Yepes, Agustín González, Luis Ciges, Antonio Ferrandis
- **País:** España
- **Ano:** 1961
- **Duración:** 85 minutos
- **Xénero:** comedia
- **Cualificación:** todos os públicos



Sinopse: Nunha pequena cidade provinciana, a unhas burguesas ociosas ocórreselles a idea de organizar unha campaña de Nadal cuxo lema é: “Sente un pobre á súa mesa”. Trátase de que os máis necesitados compartan a cea de Noiteboa con familias acomodadas e gocen do calor e o afecto que non teñen. Plácido é contratado para participar co seu motocarro na cabalgata, pero xorde un problema que lle impide centrarse no seu traballo: ese mesmo día vence a primeira letra do vehículo, que é o seu único medio de vida.

Prezo: 2,50€ | As entradas poñeranse á venda a partir das 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

UN OLEIROS DE PELÍCULA

- Domingo 31 de outubro ás 19:30 horas
- Teatro As Torres, Santa Cruz

El extraño viaje

- **Dirección:** Fernando Fernán-Gómez
- **Reperto:** Carlos Larrañaga, Tota Alba, Lina Canalejas, Jesús Franco, Rafaela Aparicio, Sara Lezana, María Luisa Ponte, Teresa Gisbert, Luis Marín, Goyo Lebrero, Luis Domínguez Luna, Cayetano Torregrosa, Rafael Alcántara
- **País:** España
- **Ano:** 1964
- **Duración:** 98 minutos
- **Xénero:** drama
- **Cualificación:** non recomendada a menores de 13 anos




Sinopse: Nunha pequena vila de provincias, preto da capital, vive unha familia composta por tres irmáns: a dominante e severa Ignacia e os tímidos e retraídos Paquita e Venancio. A monotonía da vida da vila só se rompe os sábados cando chega un conxunto musical de Madrid para amenizar coas súas cancións a fin de semana. Un sábado de tormenta, Paquita e Venancio, que son moi medrosos, escoitan rúidos e van buscando protección no cuarto da súa irmá. Alí ven a alguén, pero Ignacia négao rotundamente.

Prezo: 2,50€ | As entradas poñeranse á venda a partir das 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

- Domingo 7 de novembro ás 19:30 horas
- Teatro As Torres, Santa Cruz

La mitad del cielo

- **Dirección:** Manuel Gutiérrez Aragón
- **Reperto:** Ángela Molina, Fernando Fernán Gómez, Margarita Lozano, Antonio Valero, Nacho Martínez, Santiago Ramos, Carolina Silva, Francisco Merino, Mónica Molina, Marisa Porcel
- **País:** España
- **Ano:** 1986
- **Duración:** 127 minutos
- **Xénero:** drama
- **Cualificación:** todos os públicos



Sinopse: Rematada a guerra Guerra Civil, Rosa, filla dunha humilde familia asturiana, casa cun afiadador, un vagabundo que morre máis tarde no cárcere acusado dun delito que non cometeu. Ao quedar-se viúva emigra a Madrid coa súa filla Olvido e colócase de ama de cría en casa de don Pedro, un influínte xefe de abastos. Grazas a el, Rosa logra un posto no establecemento de desposos dun importante mercado. Este é o punto de partida dunha meteórica carreira, pois acaba abrindo un selecto restaurante que se converte en centro de reunión de políticos, intelectuais e homes de empresa.

Prezo: 2,50€ | As entradas poñeranse á venda a partir das 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

UN OLEIROS DE PELÍCULA

- Domingo 21 de novembro ás 19:30 horas
- Teatro As Torres, Santa Cruz

La reina de España

- **Dirección:** Fernando Trueba
- **Reparto:** Penélope Cruz, Antonio Resines, Jorge Sanz, Javier Cámara, Rosa María Sardá, Santiago Segura, Chino Darín, Loles León, Mandy Patinkin, Neus Asensi, Ana Belén, Arturo Ripstein, Cary Elwes
- **País:** España
- **Ano:** 2016
- **Duración:** 128 minutos
- **Xénero:** drama
- **Cualificación:** todos os públicos



Sinopse: España, anos 50. “Macarena Granada”, a gran estrela “americana” de orixe español, retorna á súa terra para encarnar a Isabel a Católica. Ao saber a nova, Blas Fontiveros, que non regresara a España desde que marchara a dirixir “La niña de tus ojos” á Alemania nazi 18 anos atrás, decide regresar e reencontrarse con algúns dos seus vellos amigos e compañeiros. A súa chegada desata unha serie de acontecementos que poñerán a proba a rodaxe da superproducción.

Prezo: 2,50€ | As entradas poñeranse á venda a partir das 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

- Domingo 28 de novembro ás 19:30 horas
- Teatro As Torres, Santa Cruz

Mientras dure la guerra

- **Dirección:** Alejandro Amenábar
- **Reparto:** Karra Elejalde, Eduard Fernández, Santi Prego, Patricia López Arnaiz, Inma Cuevas, Nathalie Poza, Luis Bermejo, Mireia Rey, Tito Valverde, Luis Callejo, Luis Zahera, Carlos Serrano-Clark, Ainhoa Santamaría, Itziar Aizpuru, Pep Tosar, Jorge Andreu
- **País:** España ● **Ano:** 2019
- **Duración:** 103 minutos ● **Xénero:** drama
- **Cualificación:** non recomendada a menores de 7 anos



Sinopse: España. Verán de 1936. O célebre escritor Miguel de Unamuno decide apoiar publicamente a sublevación militar que promete traer orde á convulsa situación do país. Inmediatamente é destituído polo goberno republicano como reitor da Universidade de Salamanca. Mentres, o xeneral Franco consegue sumar as súas tropas á fronte sublevada e inicia unha exitosa campaña coa secreta esperanza de facerse co mando único da guerra. A deriva sanguenta do conflito e o encarceramento dalgúns dos seus compañeiros provoca que Unamuno empece a cuestionar a súa postura inicial e a sopesar os seus principios.

Prezo: 2,50€ | As entradas poñeranse á venda a partir das 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Teatro AS TORRES



Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 17. Santa Cruz/Liáns

- Por mor das indicacións e medidas de seguridade e hixiene fronte á COVID-19, será obrigatorio asistir con máscara, así como atender as indicacións e normas da organización.
- Prégase puntualidade.
- Por respecto, tanto aos e ás artistas como ao público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.
- Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
- Os móbiles permanecerán apagados durante o espectáculo.
- Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
- Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.
- Todos os espectáculos poderán sufrir modificacións canto a datas, horarios ou capacidade da sala en función da situación da normativa legal vixente e da situación epidemiolóxica.



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística